



# **Memoria das actividades de formación e divulgación da actividade cinexética 2023**

---


## ÍNDICE

<b>ACTIVIDADE I: FORMACIÓN</b>	<b>3 - 17</b>
<b>1. Introducción</b>	<b>3 - 5</b>
<b>2. Curso de Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza</b>	<b>5 - 7</b>
<i>Obxectivo</i>	5
<i>Destinatarios/as</i>	5
<i>Horas lectivas</i>	5
<i>Participación</i>	5 - 6
<i>Contido e autores</i>	6
<i>Avaliación</i>	6 - 7
<i>Certificado de acreditación</i>	7
<b>3. Curso de Seguridade na caza e primeiros auxilios</b>	<b>7 - 10</b>
<i>Obxectivo</i>	7
<i>Destinatarios/as</i>	8
<i>Horas lectivas</i>	8
<i>Participación</i>	8
<i>Contido e autores</i>	8 - 9
<i>Avaliación</i>	9
<i>Certificado de acreditación</i>	10
<b>4. Curso de Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza e xestión dos residuos non comestibles</b>	<b>10 - 12</b>
<i>Obxectivo</i>	10
<i>Destinatarios/as</i>	10
<i>Horas lectivas</i>	10
<i>Participación</i>	10 - 11
<i>Contido e autores</i>	11
<i>Avaliación</i>	12
<i>Certificado de acreditación</i>	12
<b>5. Enquisa de satisfacción</b>	<b>13</b>
<b>6. Actas de matrícula e avaliación</b>	<b>13</b>
<b>7. Difusión</b>	<b>14 - 17</b>
<b>ACTIVIDADE II: CAMPAÑAS DE DIVULGACIÓN</b>	<b>18</b>
<b>XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA DO CONVENIO</b>	<b>19 - 20</b>
<b>ANEXO 1: Actas</b>	

## ACTIVIDADE I: FORMACIÓN

### 1. INTRODUCCIÓN.

O campus virtual da escoladecaza.gal acolliu unha nova convocatoria dos cursos de **Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza** e de **Seguridade na caza e primeiros auxilios**, así como a primeira edición do curso de **Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza e xestión dos residuos non comestibles**.



Os cursos estaban dispoñibles na aula virtual do campus da **Escola de Caza** desde o día 2 ata o 27 de outubro, durante cuxo período as persoas matriculadas podían conectarse á formación sen ter que desprazarse desde calquera recuncho de Galicia, comodamente desde os seus domicilios, calquera día da semana e a calquera hora do día. Do 23 ao 27 de outubro era o prazo para realizar a proba de avaliación final para valorar os coñecementos adquiridos.

Participaron na formación 287 persoas (254 homes e 33 mulleres), das que 251 eran federadas e 36 non federadas.

78 persoas optaron polo curso de **Sociedades** (*Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza.*), 88 polo de **Seguridade** (*Seguridade na caza e primeiros auxilios*) e 121 persoas optaron polo curso de **Saúde alimentaria** (*Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza e xestión dos residuos non comestibles*).



As persoas matriculadas eran **maioritariamente das provincias de A Coruña e Lugo** (o 71% eran destas dúas provincias) e o 26% das de Ourense e Pontevedra, pero tamén houbo 6 persoas matriculadas de fóra da CCAA, concretamente das comunidades de Madrid, Principado Asturias e Castela A Mancha.

MATRICULADOS/AS POR TIPO DE FORMACIÓN					
	CURSO DE SOCIEDADES	CURSO DE SEGURIDADE	CURSO DE SAÚDE ALIMENTARIA	TOTAL	%
A CORUÑA	25	33	45	103	35,89%
LUGO	33	31	38	102	35,54%
OURENSE	8	10	21	39	13,59%
PONTEVEDRA	11	13	13	37	12,89%
OUTRAS	1	1	4	6	2,09%
Total	78	88	121	287	

Segundo os datos extraídos dos boletíns de matrícula o perfil das persoas participantes na formación era:

- Home
- Cazador
- Federado
- Entre 31 e 50 anos

A proba de avaliación final era opcional, podendo os/as alumnos/as optar por realizala ou non. Sen embargo, **para obter o certificado de formación (con expresión dos contidos e horas lectivas) era obrigatorio realizar o cuestionario e responder correctamente alomenos ao 60% das preguntas.**

No cómputo total, de todos os cursos, **presentáronse á proba de avaliación 7,7 alumnos/as de cada 10 matriculados/as, resultando aptos/as 9,7 de cada 10** cunha cualificación media de 8,69.

	Alumnos/as matriculados/as	RESULTADOS AVALIACIÓN					%			
		Alumnos/as presentados/as á avaliación	APTOS/AS	Cualificación media	NON APTOS/AS	NON PRESENTADOS/AS	Matriculados/as presentados á avaliación	NON PRESENTADOS/AS	APTOS/AS	NON APTOS/AS
CURSO DE SOCIEDADES	78	59	54	8,17	5	19	76%	24%	92%	8%
CURSO DE SEGURIDADE	88	65	65	9,01	0	23	74%	26%	100%	0%
CURSO DE SAÚDE ALIMENTARIA	121	96	94	8,89	2	25	79%	21%	98%	2%
	<b>287</b>	<b>220</b>	<b>213</b>	<b>8,69</b>	<b>7</b>	<b>67</b>	<b>77%</b>	<b>23%</b>	<b>97%</b>	<b>3%</b>

Todas as persoas inscritas na formación recibirán nos próximos días, entroutro, o seguinte material divulgativo:

- Viseira de visibilidade cor laranxa.
- Chaleco de visibilidade cor laranxa.
- Lanyard de cor laranxa.
- Bolígrafo.
- Libro de Seguridade na Caza.
- Díptico do Decálogo da persoa cazadora.
- Díptico de Seguridade na organización das cazarías.



## 2. FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA: *Curso de xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza*

### Obxectivo.

O curso de *Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza*, que vai pola sexta convocatoria online, tiña por **finalidade formar aos alumnos/as na xestión interna, administrativa e documental á que deben facer fronte no seu día a día as persoas directivas deste tipo de entidades.**

### Destinatarios/as.

A formación ía dirixida a persoas directivas, administrativas e xestoras das entidades asociativas así como a calquera outro colectivo ou profesional interesado/a neste tipo de xestión.

### Horas lectivas.


30 horas lectivas.

### Participación.

Matriculáronse nesta formación 78 persoas (69 federadas e 9 non federadas) maioritariamente das provincias de Lugo e A Coruña. Delas, o 88% eran homes e o 12% mulleres.



Segundo os datos proporcionados a través dos boletíns de matrícula, **os/as alumnos/as eran maioritariamente directivos/as de entidades asociativas (65%)**, seguidos de responsables de cazaría, administrativos/as, xestores/as cinexéticos e estudantes.



## Contidos e autores.

Impartíanse 17 temas nos que se abordaba desde a lexislación que regula estas entidades, pasando polo seu réxime documental, económico, financeiro, patrimonial e fiscal ata as súas comunicacións internas e externas.


Os textos eran elaborados e actualizados por seis (6) persoas expertas nas diferentes materias, baixo a dirección de José Manuel Vidal (director da Escola de Caza) en coordinación coa FGC que era a encargada do seu deseño e estrutura.

TEMARIO	AUTORES
<b>Bloque 1: LEXISLACIÓN</b>	
<b>Tema 1:</b> Lei do Deporte de Galicia.	M <sup>a</sup> TERESA GONZÁLEZ JUSTO Avogada. Asesora Xurídica da FGC
<b>Tema 2:</b> Persoas socias: admisión, clases, dereitos, deberes e expulsión.	
<b>Tema 3:</b> Órganos de goberno e representación: convocatorias, competencias e acordos.	
<b>Tema 4:</b> Proceso electoral: convocatoria, calendario, xunta xestora, xunta electoral, mesa electoral e candidaturas.	
<b>Tema 5:</b> Regulamento de réxime interno da asociación.	
<b>Tema 6:</b> Responsabilidade das persoas socias, directivas e da sociedade de caza.	
<b>Tema 7:</b> Responsabilidade civil da sociedade de caza nos danos a cultivos.	M <sup>a</sup> TERESA GONZÁLEZ JUSTO Avogada. Asesora Xurídica da FGC DIEGO QUINTAS RAMOS Enxeñeiro Técnico Agrícola. Cazador. Membro fundador das Xuventudes pola Caza.
<b>Tema 8:</b> Seguros de responsabilidade civil: responsabilidade civil da persoa cazadora e da sociedade de caza.	JAVIER NOGUEIRA DIZ Conseleiro de Mutuasport. Experto en seguros. Cazador. Empresario
<b>Bloque 2: RÉXIME DOCUMENTAL.</b>	
<b>Tema 9:</b> Libros obrigatorios dunha entidade asociativa, a súa levanza e a súa legalización: Libro de rexistro das persoas socias, libro de actas, libros de contabilidade e o traspaso de poderes entre a xunta directiva saínte e entrante.	MARILUZ REY COTELO Técnico Superior en Administración e Finanzas. Xefa de Administración da FGC.
<b>Bloque 3: RÉXIME ECONÓMICO, FINANCEIRO, PATRIMONIAL E FISCAL.</b>	
<b>Tema 10:</b> Contas anuais: patrimonio, dereitos e obrigas, ingresos e gastos, orzamento e requisitos para gravar e enaxenar bens da entidade.	MARILUZ REY COTELO Técnico Superior en Administración e Finanzas. Xefa de Administración da FGC.
<b>Tema 11:</b> Responsabilidade da persoa tesoureira: disposición de fondos, facturas e forma de pago.	
<b>Tema 12:</b> Obrigas tributarias: CIF, exención de IVE, imposto de sociedades.	
<b>Bloque 4: COMUNICACIÓN INTERNA E EXTERNA DA ASOCIACIÓN.</b>	
<b>Tema 13:</b> Comunicacións co Rexistro de Entidades Deportivas e coa FGC.	MARILUZ REY COTELO Técnico Superior en Administración e Finanzas. Xefa de Administración da FGC.
<b>Tema 14:</b> Plan de ordenación cinexético, plan de aproveitamento cinexético, solicitude de cazaría, comunicación de resultados, relación de persoas cazadoras e outras comunicacións.	DARIO ANDRADE EXPÓSITO Técnico de Caza da VSCMATV. Cazador.
<b>Tema 15:</b> Comunicacións coa Consellería competente en materia de caza: A aplicación informática de caza: suposto práctico.	
<b>Tema 16:</b> Certificado dixital.	JUAN TURNES GARCÍA Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos. Responsable de Informática e Protección de Datos da FGC.
<b>Tema 17:</b> Obrigas de protección de datos da sociedade de caza.	
<b>DIRECCIÓN DO CURSO: JOSÉ MANUEL VIDAL LAMELA (Director da Escola de Caza)</b>	

## Avaliación.


Das 78 persoas inscritas realizaron a proba de avaliación final 59, **resultando aptas 54, cunha cualificación media de 8,17.**





### Certificado de acreditación.

As 54 persoas que superaron a formación de *Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza* recibirán nas próximas semanas o correspondente diploma acreditativo, con expresión dos contidos e horas lectivas, asinado pola Vicepresidenta Segunda e Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e polo Presidente da Federación Galega de Caza.



## 3. PREVENCIÓN DA SINISTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA:

### *Curso de seguridade na caza e primeiros auxilios.*

#### Obxectivo.

A cuarta edición online do curso de *Seguridade na caza e primeiros auxilios* tiña por obxecto formar aos alumnos/as na prevención e seguridade durante a práctica da caza, **principalmente na seguridade durante o desenvolvemento das cazaría colectivas**, obxectivo fundamental do curso pola preocupación que xera na FGC precisamente a seguridade dos cazadores galegos, así como instruílos nos primeiros auxilios para que, de darse o caso, poidan auxiliar a unha persoa enferma ou lesionada.

## Destinatarios/as.


O curso ía destinado principalmente ás persoas responsables de cazaría e cazadoras de caza maior, pero tamén a calquera outro colectivo interesado nesta materia.

## Horas.


30 horas lectivas.

## Participación.

Inscribíronse no curso 88 persoas (79 federadas e 9 non federadas), e delas o 89% eran homes e o 11% mulleres e, tamén neste curso, a maior participación correspondía ás provincias de A Coruña e Lugo.



As persoas participantes **eran maiormente directivos/as de entidades asociativas e responsables de cazaría** pero tamén asistían administrativos/as, xestores/as cinexéticos, estudantes e un xuíz.



## Contido e autores.

A formación constaba de 16 temas sobre seguridade nas cazarías colectivas, lexislación, contribución das novas tecnoloxías á seguridade na caza e primeiros auxilios, así como dun vídeo ilustrativo sobre a caza segura.

Como novidade, nesta edición, impartíuse un tema novo sobre a prevención de lesións durante a actividade cinexética.


A elaboración e actualización dos textos impartidos corría a cargo de 12 autores expertos nos diferentes contidos, baixo a coordinación da FGC e a dirección da Escola de Caza.



TEMARIO	AUTORES
<b>Bloque 1: SEGURIDADE NAS CAZARÍAS COLECTIVAS</b>	
<b>Tema 1:</b> Fase de inicio e preparación da cazaría.	
<b>Tema 2:</b> Fase de execución da cazaría.	DARIO ANDRADE EXPÓSITO
<b>Tema 3:</b> Finalización da cazaría.	Técnico de Caza da VSCMATV. Cazador.
<b>Tema 4:</b> Normas de seguridade na caza.	
<b>Tema 5:</b> Decálogo da persoa cazadora. A persoa cazadora novel.	DIEGO PALLAS LAGE Técnico Superior de Xestión Forestal e Conservación do Medio Natural. Directivo da FGC. Cazador.
<b>Tema 6:</b> Armas: Uso, transporte, custodia e revista.	LUIS VILLAMIL HERMIDA Sarxento 1º da Garda Civil da Comandancia de Pontevedra. Experto en Armas.
<b>Bloque 2: LEXISLACIÓN</b>	
<b>Tema 7:</b> Infraccións, sancións e responsabilidade no desenvolvemento das cazarías.	Mª TERESA GONZÁLEZ JUSTO Avogada. Asesora Xurídica da FGC.
<b>Tema 8:</b> Seguros de responsabilidade civil: responsabilidade civil da persoa cazadora e da sociedade de caza.	JAVIER NOGUEIRA DIZ Conseleiro de Mutuasport. Experto en seguros. Cazador. Empresario.
<b>Tema 9:</b> Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (REGIAC): Obrigas das persoas propietarias de cans.	BORJA TÁBOAS RIAL Licenciado en Veterinaria pola Universidade Alfonso X O Sabio. Veterinario colaborador da FGC. Cazador.
<b>Bloque 3: CONTRIBUCIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS NA SEGURIDADE DA CAZA.</b>	
<b>Tema 10:</b> Uso das novas tecnoloxías como ferramenta de seguridade.	JOSÉ MANUEL VIDAL LAMELA Secretario FGC Lugo. Director Escola de Caza. Cazador.
	ANTÓN ARROJO REGUERA Biólogo. Director Galicia Cinexética. Cazador.
<b>Tema 11:</b> Imaxe da persoa cazadora, redes sociais.	CARLOS ALBERTO SÁNCHEZ PONTÓN Xornalista.
<b>Bloque 4: PRIMEIROS AUXILIOS.</b>	
<b>Tema 12:</b> Prevención de lesións durante a actividade cinexética <sup>(NOVO)</sup> .	YERAY LORENZO GARCÍA Graduado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Cazador.
<b>Tema 13:</b> Actuación ante un accidente de caza: torceduras, luxación, fracturas óseas e outras.	SILVIA DÍAZ FERNÁNDEZ Médico do SERGAS. Cazadora.
<b>Tema 14:</b> Actuación ante outro tipo de accidente ou enfermidades comúns.	
<b>Tema 15:</b> Actuación ante o accidente do can.	LUIS EUSEBIO FIDALGO ÁLVAREZ Doutor en Veterinaria da USC. Presidente da FGC. Cazador.
	SILVIA DÍAZ FERNÁNDEZ Médico do SERGAS. Cazadora.
<b>Tema 16:</b> Botiquín de primeiros auxilios da persoa cazadora.	LUIS EUSEBIO FIDALGO ÁLVAREZ Doutor en Veterinaria da USC. Presidente da FGC. Cazador.
<b>DIRECCIÓN DO CURSO: JOSÉ MANUEL VIDAL LAMELA (Director da Escola de Caza)</b>	

## Avaliación.

Das 88 persoas matriculadas presentáronse á proba de avaliación 65, resultando **aptas a totalidade das presentadas cunha puntuación media de 9,01.**



## Certificado de acreditación.

Os/as **65 alumnos/as** que superaron o curso de **Seguridade na caza e primeiros auxilios** recibirán nas próximas semanas o correspondente certificado de formación, asinado pola Vicepresidenta Segunda e Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e polo Presidente da Federación Galega de Caza, no que se reflectirán os contidos e as horas lectivas.



## 4. ENFERMIDADES DA FAUNA CINEXÉTICA, SAÚDE ALIMENTARIA E XESTIÓN DE RESIDUOS:

**Curso de manipulación e seguridade no consumo da carne de caza e xestión dos residuos non comestibles.**

### Obxectivo.

Esta primeira convocatoria online do curso de *Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza e xestión dos residuos non comestibles*, xurdía co **obxectivo de poñer en valor o consumo saudable da carne de caza, formando ás persoas cazadoras nas medidas precautorias que deben adoptarse para aproveitar de xeito seguro este alimento sen correr riscos ao consumilo, así como na xestión adecuada daqueles residuos non comestibles que xera a caza.**

### Destinatarios/as.


A formación ía dirixida a persoas responsables de cazaría, cazadoras en xeral, directivas de sociedades de caza e outros colectivos ou profesionais interesados/as (veterinarios/as, gardería, etc.).

### Horas.

10 horas lectivas.

### Participación.

Na nova formación inscribíronse 121 persoas (103 federadas e 18 non federadas), o 88% eran homes e o 12% mulleres, e tamén neste curso a maioría eran das provincias de A Coruña e Lugo.



Os/as alumnos/as eran maioritariamente directivos/as de entidades asociativas e responsables de cazaría pero tamén participaban xestores/as cinexéticos, administrativos/as, estudantes, veterinarios/as, gardas e un xuíz.



## Contido e autores.

Esta primeira edición constaba de seis (6) temas nos que se abordaba a caza como ferramenta de xestión ante as enfermidades e a bioloxía das diferentes especies cinexéticas, a prevención das enfermidades e fundamentalmente a manipulación e seguridade no consumo da carne de caza e a xestión daqueles residuos non comestibles.

Tres (3) dos temas eran novos e os outros tres (3), que proviñan de edicións anteriores do curso de Seguridade (cuxos contidos foron reestruturados trala implantación do curso de saúde alimentaria), actualizábanse para adaptalos a esta nova formación.

A elaboración e actualización dos textos corría a cargo de dous (2) expertos relatores na materia, coordinados pola FGC baixo a dirección do responsable da Escola de Caza.

### Bloque 1: A CAZA COMO FERRAMENTA DE XESTIÓN ANTE AS ENFERMIDADES. BIOLOXÍA DAS ESPECIES CINEXÉTICAS

**Tema 1:** Situación da caza en Galicia <sup>(NOVO)</sup>.

ANTÓN MOURE SEGADE  
Licenciado en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural. Técnico Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural. Cazador.

**Tema 2:** Dinámica das probacións das especies cinexéticas: A caza como actividade reguladora das enfermidades das principais especies cinexéticas <sup>(NOVO)</sup>.

### Bloque 2: PREVENCIÓN DE ENFERMIDADES

**Tema 3:** Enfermidades transmisibles por contacto no consumo da caza menor <sup>(NOVO)</sup>.

LUIS EUSEBIO FIDALGO ÁLVAREZ  
Doutor en Veterinaria da USC.  
Presidente da FGC. Cazador.

**Tema 4:** Peste porcina e triquinose.

### Bloque 3: MANIPULACIÓN E SEGURIDADE NO CONSUMO DE CARNE DE CAZA E XESTIÓN DOS RESIDUOS NON COMESTIBLES.

**Tema 5:** Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza.


LUIS EUSEBIO FIDALGO ÁLVAREZ  
Doutor en Veterinaria da USC.  
Presidente da FGC. Cazador.

**Tema 6:** Xestión dos restos non comestibles (SANDACH) xerados na actividade cinexética.

**DIRECCIÓN DO CURSO:** JOSÉ MANUEL VIDAL LAMELA (Director da Escola de Caza)

## Avaliación.

Das 121 persoas anotadas no curso realizaron a proba de avaliación final 96 das que resultaron **aptas** **94, cunha cualificación media de 8,89.**



## Certificado de acreditación.

As **94** persoas que superaron o curso de **Manipulación e seguridade no consumo da carne de caza e xestión dos residuos non comestibles** recibirán nas próximas semanas o correspondente **diploma de formación**, con expresión dos contidos e horas lectivas, asinado pola Vicepresidenta Segunda e Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e polo Presidente da Federación Galega de Caza.



## 5. ENQUISA DE SATISFACCIÓN.

Co obxecto de mellorar a calidade formativa a FGC pasáballes aos alumnos/as un cuestionario para coñecer o seu grao de satisfacción. A enquisa era voluntaria e anónima co propósito de garantir a obxectividade nas súas respostas.

CURSO	Alumnos/as matriculados/as	Enquisas contestadas	% Alumnos/as que responderon a enquisa
CURSO DE SOCIEDADES	78	34	44%
CURSO DE SEGURIDADE	88	39	44%
CURSO DE SAÚDE ALIMENTARIA	121	62	51%
	287	135	47%

**O 47% das persoas matriculadas contestaban o cuestionario de satisfacción.**



Á pregunta, **como se enterou do curso?**, o 81% das **persoas inscritas manifestaron que o souberon pola federación**, o 9% pola sociedade de caza, o 5% por outra persoa cazadora ou deportista, e o outro 5% por outro medios.

Á pregunta, **como atopou o contido do curso?**, o 76% **opinou que moi útil**, o 22% aconsellable e o 2% sen utilidade.

Á pregunta, **resolveu as súas dúbidas?**, o 80% **dixo telas resolto totalmente**, o 19% nalgúns casos, e 1% case nunca.

Á pregunta, **acadou os obxectivos que agardaba?**, o 89% **afirmou que si**, o 6% que non, e o 5% comentou telos acadados de xeito parcial.

Á pregunta, **recomendaría o curso?**, o 96% **manifestaron que si**, e 4% que non.

E, por último, nesta sondaxe tamén se lles **preguntaba sobre a materia impartida, pedíndolle que cualificaran entre 0 e 10 os diferentes bloques formativos**, que valoraban do xeito seguinte:

<b>Como se enterou do curso?</b>	Respostas	%
Pola Federación (web, redes sociais, revista, email, watsaap, teléfono, etc.)	109	81%
Pola sociedade de caza, club, asociación	12	9%
Por outra persoa cazadora/deportista	7	5%
Por outros medios	7	5%
NS/NC	0	0%
<b>135</b>		
<b>Como atopou o contido do curso?</b>	Respostas	%
Moi útil	102	76%
Aconsellable	30	22%
Sen utilidade	3	2%
NS/NC	0	0%
<b>135</b>		
<b>Resolveu as súas dúbidas?</b>	Respostas	%
Totalmente	108	80%
Nalgúns casos	25	19%
Case nunca	2	1%
NS/NC	0	0%
<b>135</b>		
<b>Acadou os obxectivos que agardaba?</b>	Respostas	%
Si	120	89%
Non	8	6%
De xeito parcial	7	5%
NS/NC	0	0%
<b>135</b>		
<b>Recomendaría o curso?</b>	Respostas	%
Si	129	96%
Non	6	4%
NS/NC	0	0%
<b>135</b>		

CURSO DE SOCIEDADES		CURSO DE SEGURIDADE		CURSO DE SAÚDE ALIMENTARIA	
Bloque formativo	Puntuación	Bloque formativo	Puntuación	Bloque formativo	Puntuación
<b>Bloque 2:</b> Réxime documental	9,03	<b>Bloque 4:</b> Primeiros auxilios	9,15	<b>Bloque 3:</b> Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza e xestión de residuos non comestibles	9,10
<b>Bloque 4:</b> Comunicacions internas e externas da asociación	9,00	<b>Bloque 1:</b> Seguridade nas cazarías colectivas	9,10	<b>Bloque 1:</b> A caza como ferramenta de xestión ante as enfermidades. Bioloxía das especies cinexéticas	9,08
<b>Bloque 1:</b> Lexislación	8,97	<b>Bloque 3:</b> Contribución das novas tecnoloxías na seguridade da caza	9,08	<b>Bloque 2:</b> Prevención de enfermidades	9,07
<b>Bloque 3:</b> Réxime económico, financeiro, patrimonial e fiscal	8,91	<b>Bloque 2:</b> Lexislación	8,90		

## 6. ACTAS DE MATRÍCULA E AVALIACIÓN.

Como **Anexo 1 desta memoria achéganse as respectivas actas de matrícula e avaliación de cadaún dos cursos**, nas que constan todas as persoas matriculadas, tanto aquelas que se someteron á avaliación final como aquelas que non se presentaron.

As actas conteñen, ademais da cualificación, os **datos persoais dos/as alumnos/as e por tanto están suxeitos á vixente normativa de protección de datos, polo que dita información ten como única finalidade a xustificación da realización dos cursos** aos que se fai referencia no convenio de colaboración asinado con data 19-4-2023 entre a VSCMATV e a FGC, non podendo ser utilizados para outra finalidade distinta, debendo adoptarse a estes efectos por parte da destinataria todas as medidas precautorias para garantir a súa confidencialidade.



## 7. DIFUSIÓN DOS CURSOS.

A planificación desta nova edición dos cursos de caza comezaba no mes de agosto. Remitíase o programa á VSCMATV para o seu visto e prace e, seguidamente, informábase da nova convocatoria ao colectivo cinexético a través das diferentes canles de comunicación da FGC así como mediante notas de prensa a outros medios de comunicación especializados.

A modo de exemplo, reproducense a continuación algunhas capturas de pantalla da información publicada.



 **Federación Galega de Caza**  
www.federaciongalegadecaza.com

CURSOS FORMACIÓN 2023

### As enfermidades da fauna cinexética, a saúde alimentaria e a xestión de residuos da carne de caza son algunhas das novidades dos Cursos de Formación da FGC 2023

29/08/2023

*Chega setembro e a Escola de Caza tamén abre as súas portas para acoller, un ano máis, ós cazadores federados nos seus Cursos de Formación*

Como cada ano, a Federación Galega de Caza activa a súa aula virtual da Escola de Caza para convocar os cursos de Formación de Caza, colaboración coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.



**FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA:**  
*Curso de xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza (6ª convocatoria online).*

**PREVENCIÓN DA SINISTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA:**  
*Curso de seguridade na caza e primeiros auxilios (4ª convocatoria online).*

**ENFERMIDADES DA FAUNA CINEXÉTICA, SAÚDE ALIMENTARIA E XESTIÓN DOS RESIDUOS:**  
*Curso de manipulación e seguridade no consumo da carne de caza e xestión dos residuos non comestibles. (1ª convocatoria online).*

Os cursos están dirixidos a directivos das sociedades de caza, responsables de cazarias, xestores cinexéticos, gardería, administrativos e, por suposto, a **cazadores en xeral** que desexen adquirir coñecementos tan importantes no eido da formación de responsables de sociedades de caza, seguridade e na práctica cinexética, enfermidades da fauna cinexética e a manipulación no consumo de carne de caza e a xestión dos residuos non comestibles.

Os cursos estarán dispoñibles no campus virtual da FGC, as 24 horas do día e os 7 días da semana, desde o día 2 ata o día 27 de outubro. Durante este período os alumnos poderán conectarse á formación dende calquera punto de Galicia e nas datas e horarios que máis se adapten ás súas necesidades.

Cazador, non perdas esta oportunidade de coñecer as entrañas da xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza. Se para ti a seguridade na caza é o primeiro e non queres levar sustos no monte adquire coñecementos sobre os primeiros auxilios que poden salvar vidas a compañeiros. Rematada a xomada de caza temos que facer un aproveitamento das pezas abatidas polo que inscribíndote a este Curso de Formación saberás facer un correcto manexo da carne de caza para o seu consumo seguro.

**A matrícula é aberta e gratuita**, formalízase enviando a [escola@federaciongalegadecaza.com](mailto:escola@federaciongalegadecaza.com) o boletín de matrícula dispoñible na web [escoladecaza.gal](http://escoladecaza.gal) ou en calquera das sedes da FGC. **O prazo de matrícula remata o 20 de setembro.**

**Apúntate!**

[Descargar programa](#)

Federación Galega de Caza  
29 de agosto a las 13:00

Chega setembro e a Escola de Caza tamén abre as súas portas para acoller, un ano máis, ós cazadores federados nos seus Cursos de Formación



FEDERACIONGALEGADECAZA.COM

As enfermidades da fauna cinexética, a saúde alimentaria e a xestión de residuos da carne de caza son algunhas das novidades...  
Chega setembro e a Escola de Caza tamén abre as súas portas para acoller, un ano máis, ós cazadores federados nos seus Cursos de Formación

14 likes · 5 veces compartido

Me gusta · Comentar · Compartir

Caza Wonke - Caza y Safaris  
54 min

Las enfermedades de la fauna cinegética, la salud alimentaria y la gestión de residuos de la carne de caza son algunas de las novedades de los Cursos de Formación de la Federación Galega de Caza 2023

INFORMACIÓN DETALLADA EN [www.cazawonke.com](http://www.cazawonke.com)

¡Llega septiembre y la Escuela de Caza también abre sus puertas para acoger, un año más, a los cazadores en sus Cursos de Formación!

¡MATRÍCULA ABIERTA Y GRATUITA!

La matrícula es abierta y gratuita, se formalizará enviando a [escola@federaciongalegadedecaza.com](mailto:escola@federaciongalegadedecaza.com) el boletín de matrícula disponible en la web [escoladecaza.gal](http://escoladecaza.gal) o en cualquiera de las sedes de la FGC



1 like

Trofeo Caza  
@trofeoacaza

@fgalegacaza activa su aula virtual de la Escuela de Caza para convocar los cursos de Formación de Caza

Tienes toda la información en [escoladecaza.gal](http://escoladecaza.gal)

⚠ El plazo de matrícula finaliza el 20 de septiembre.



2:02 p. m. · 8 sept. 2023 · 21 Reproducciones

# CAZA Y SAFARIS

CAZAWONKE - EL DIARIO DE CAZA DEL SIGLO XXI

INICIO · NOTICIAS · REPORTAJES · SCI · MÁS CAZA · BLOGS · VÍDEOS · ÓRDENES DE VEDA

PANORAMA MONTERO-CARACOLAS

AGENCIACIONES · NOVEDADES

## NOVEDADES EN LOS CURSOS DE FORMACIÓN DE LA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA (FGC)

on 6 septiembre, 2023

**Agenda de Monterías 2022-23**

Comienza la pretemporada

[Consulta aquí la mejores propuestas](#)

**PINCHADO AQUÍ PUEDE VER O DESCARGARSE EL PROGRAMA DE LOS CURSOS DE FORMACIÓN DE LA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA 2023,**

Las enfermedades de la fauna cinegética, la salud alimentaria y la gestión de residuos de la carne de caza son algunas de las novedades de los Cursos de Formación de la FGC 2023

Llega septiembre y la Escuela de Caza también abre sus puertas para acoger, un año más, a los cazadores en sus Cursos de Formación

Como cada año, la Federación Galega de Caza ([www.federaciongalegadedecaza.com](http://www.federaciongalegadedecaza.com)) activa su aula virtual de la Escuela de Caza para convocar los cursos de Formación de Caza, en colaboración con la Consejería de Medio Ambiente, Territorio y Vivienda.

**Cursos dirigidos a directivos de las sociedades de caza, responsables de cacerías, gestores cinegéticos, guardería, administrativos y, por supuesto, a cazadores**

Los cursos están dirigidos a directivos de las sociedades de caza, responsables de cacerías, gestores cinegéticos, guardería, administrativos y, por supuesto, a cazadores en general que deseen adquirir conocimientos tan importantes en el campo de la formación de responsables de sociedades de caza, seguridad en la práctica cinegética, enfermedades de la fauna cinegética y la manipulación en el consumo de carne de caza y la gestión de los residuos no comestibles.

Los cursos estarán disponibles en el campus virtual de la FGC, las 24 horas del día y los 7 días de la semana, desde el día 2 hasta el día 27 de octubre.

Durante este período los alumnos podrán conectarse a la formación desde cualquier punto de Galicia y en las fechas y horarios que más se adapten a sus necesidades,



**¡Una oportunidad que hay que aprovechar!**

Cazador no pierdas esta oportunidad de conocer los entresijos de la gestión interna y administrativa de una sociedad de caza.

Si para ti la seguridad en la caza es lo primero y no quieres llevar sustos en el monte adquiere conocimientos sobre los primeros auxilios que pueden salvar vidas a compañeros, carne de caza para su consumo segura,

**¡MATRÍCULA ABIERTA Y GRATUITA!**

La matrícula es abierta y gratuita, se formalizará enviando a [escola@federaciongalegadedecaza.com](mailto:escola@federaciongalegadedecaza.com) el boletín de matrícula disponible en la web [escoladecaza.gal](http://escoladecaza.gal) o en cualquiera de las sedes de la FGC.

**El plazo de matrícula finaliza el 20 de septiembre,**

**¡Apúntate!**



Revista Jara y Sedal » Es noticia » La Federación Galega pone en marcha cursos de formación sobre fauna cinegética, salud alimentaria y carne de caza

## La Federación Galega pone en marcha cursos de formación sobre fauna cinegética, salud alimentaria y carne de caza

La Federación Galega de Caza ha puesto en marcha una vez más cursos de formación. Tratarán temas de importancia como las enfermedades de la fauna cinegética, la salud alimentaria y la gestión de residuos de la carne de caza.

[Compártelo](#) [Túitáelo](#)

La **Federación Galega de Caza (FGC)**, en colaboración con la **Consellería de Medio Ambiente, Territorio y Vivenda**, ha puesto en marcha **varios cursos de formación** a través de su aula virtual de la escuela de caza.

Estos cursos están dirigidos a directivos, responsables, gestores, guardas y administrativos de las sociedades de caza, así como para cazadores en general que quieran ampliar sus conocimientos sobre temas tan relevantes como la **gestión interna y administrativa** de una sociedad de caza, la **seguridad** en la caza y los **primeros auxilios**, las **enfermedades de la fauna cinegética** y el **manejo de la carne de caza y los residuos** no comestibles.

Los cursos se impartirán en el campus virtual de la FGC, al que se podrá acceder las 24 horas del día y los 7 días de la semana, **desde el día 2 hasta el día 27 de octubre**. Durante este período los alumnos podrán conectarse a la formación desde cualquier lugar de Galicia y en los horarios que más les convengan.

No pierdas esta oportunidad de formarte en aspectos clave para la práctica cinegética. Aprende a gestionar una sociedad de caza, a prevenir y actuar ante accidentes en el monte y a aprovechar las piezas cazadas para su consumo seguro.

La **matrícula es gratuita** y se realizará enviando un email a [escola@federaciongalegadedecaza.com](mailto:escola@federaciongalegadedecaza.com) con el boletín disponible en la web [escoladecaza.gal](http://escoladecaza.gal) o en cualquiera de las sedes de la FGC. **El plazo de matrícula termina el 20 de septiembre**.

Federación Galega de Caza

6 d

Desexas adquirir coñecementos sobre a xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza ?  
Apúntate aos Cursos de Formación da FGC !!

FEDERACIONGALAGEDECAZA.COM

As enfermidades da fauna cinegética, a saúde alimentaria e a xestión de residuos da carne de caza son algunhas das novidades...

Chega setembro e a Escola de Caza tamén abre as súas portas para acoller, un ano máis, ós cazadores federados nos seus Cursos de Formación.

6 4 veces compartido

Me gusta Comentar Compartir

Federación Galega de Caza @fgalegacaza

Cazar con seguridade converteuse nunha máxima para os cazadores. Inscríbete nos cursos da FGC e obtén coñecementos sobre a seguridade cinegética

**CINEGÉTICA:**  
Curso de seguridade na caza e primeiros auxilios (4ª convocatoria online).

**ENFERMEDADES DA FAUNA CINEXÉTICA, SAÚDE ALIMENTARIA E XESTIÓN DOS RESIDUOS:**  
Curso de manipulación e seguridade no consumo da carne de caza e xestión dos residuos non comestibles. (1ª convocatoria online).

Campus virtual da EscolaDeCaza.gal

federaciongalegadedecaza.com

As enfermidades da fauna cinegética, a saúde alimentaria e a xestión de resi...  
Chega setembro e a Escola de Caza tamén abre as súas portas para acoller, un ano máis, ós cazadores federados nos seus Cursos de Formación

2:22 p. m. · 13 sept. 2023

Federación Galega de Caza

1 d

Cazar con seguridade converteuse nunha máxima para os cazadores. Os datos amosan que a caza non é un deporte de risco pero queremos ter un risco 0  
Inscríbete nos cursos da FGC e obtén coñecementos sobre a seguridade cinegética  
Os primeiros auxilios poden salvar vidas  
O prazo de inscrición remata o vindeiro 20 de setembro e a matrícula é gratuita. Apúntate !!

FEDERACIONGALAGEDECAZA.COM

As enfermidades da fauna cinegética, a saúde alimentaria e a xestión de residuos da carne de caza son algunhas das novidades...

Chega setembro e a Escola de Caza tamén abre as súas portas para acoller, un ano máis, ós cazadores federados nos seus Cursos de Formación

4

Me gusta Comentar Compartir

Federación Galega de Caza

18 de septiembre

IMPORTANTE  
DERRADEIROS DÍAS PARA INSCRIBIRSE !!!

FEDERACIONGALAGEDECAZA.COM

As enfermidades da fauna cinegética, a saúde alimentaria e a xestión de residuos da carne de caza son algunhas das novidades...

Chega setembro e a Escola de Caza tamén abre as súas portas para acoller, un ano máis, ós cazadores federados nos seus Cursos de Formación

5

Me gusta Comentar Compartir

**Federación Galega de Caza**  
www.federaciongalegadecaza.com

**Novas**

CURSOS FORMACIÓN FGC

**300 cazadores participan na Escola de Caza 2023 da FGC**  
06/10/2023

O luns 2 de outubro a Escola Virtual da Federación Galega de Caza abriu as súas portas para dar comezo aos Cursos de Formación deste 2023.

Os preto de 300 cazadores inscritos recibiron as claves de acceso, nos derradeiros días do pasado mes de setembro, e ata o vindeiro 27 de outubro terán dispoñibles os Cursos de Formación a calquera hora do día e calquera día da semana.

Os cazadores galegos xa están adquirindo coñecementos sobre as seguintes temáticas: formación de responsables de sociedades de caza, enfermidades da fauna cinexética, saúde alimentaria, xestión de residuos e prevención da siniestrabilidade durante a práctica cinexética.

**Club de Caza**

Pr  
Nu  
tar

de

Leica

TIPO DE VEXIDOR

Durabilidade e resistencia

15-503

15-1048



NOTICIAS

Galicia

## 300 cazadores participan en la Escuela de Caza 2023 de la Federación Gallega

El lunes 2 de octubre, la Escuela Virtual de la Federación Gallega de Caza abrió sus puertas para dar comienzo los Cursos de Formación de este 2023.

CdC | 06/10/2023 | Federaciones, Formación



Los cerca de 300 cazadores inscritos recibieron las claves de acceso en los últimos días del pasado mes de septiembre, y hasta el próximo 27 de octubre tendrán disponibles los Cursos de Formación en su aula virtual a cualquier hora del día y cualquier día de la semana.

Los cazadores gallegos ya están adquiriendo conocimientos sobre diferentes temas vinculados con la caza: formación de responsables de sociedades de caza, enfermedades de la fauna cinegética, salud alimentaria, gestión de residuos y prevención de la siniestrabilidad durante la práctica cinegética.

**FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA:**  
Curso de xestión interna e administrativa da sociedade de caza. (8ª convocatoria online).

**PREVENCIÓN DA SINISTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA:**  
Curso de actualización na caza e primeiros auxilios. (4ª convocatoria online).

**ENFERMEDADES DA FAUNA CINEXÉTICA, SAÚDE ALIMENTARIA E XESTIÓN DOS RESIDUOS:**  
Curso de manipulación e seguridade no consumo da carne de caza e xestión dos residuos non comestibles. (5ª convocatoria online).

Campus virtual da Escola de Caza ga

**MATRÍCULA ABERTA**  
Ata o 20 de setembro de 2023

Solicita o boletín de matrícula na Federación  
☎ 981 962 777  
✉ escola@federaciongalegadecaza.com

XUNTA DE GALICIA

Federación Galega de Caza

Comparte este artículo



**CAZA Y SAFARIS**  
CAZAWONKE - EL DIARIO DE CAZA DEL SIGLO XXI

INICIO NOTICIAS REPORTAJES SCI MÁS CAZA BLOGS VÍDEOS ÓRDENES DE VEDA

PANORAMA MONTERO-CARACOLAS

FEDERACIONES WAFERMAJ MOTOCICL

**300 CAZADORES PARTICIPAN EN LA ESCUELA DE CAZA 2023 DE LA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA (FGC)**

**300 cazadores inscritos**

Los cerca de 300 cazadores inscritos recibieron las claves de acceso en los últimos días del pasado mes de septiembre, y hasta el próximo 27 de octubre tendrán disponibles los Cursos de Formación en su aula virtual a cualquier hora del día y cualquier día de la semana.



## ACTIVIDADE II: CAMPAÑAS DE DIVULGACIÓN

Ante a nova tempada de caza a FGC emitía na **TVG un anuncio publicitario facendo un chamamento á prudencia para a práctica dunha caza segura**. O Spot difundíase tamén a través das redes federativas: Facebook, Twitter, Instagram, YouTube.

Ademais, mediante a **“Campanha de divulgación e fomento da actividade cinexética”** repartíase entre cazadores e sociedades de caza diverso material divulgativo, principalmente roupa de alta visibilidade e libros con recomendacións para a práctica da caza segura:

- 1.000 chalecos de visibilidade.
- 1.500 viseiras de visibilidade.
- 1.000 bolígrafos.
- 1.000 lanyards.
- Libros de seguridade na caza, dípticos do Decálogo do Cazador e de seguridade na organización de cazarías, carterillas portadocumentos, sinais de atención cazaría, etc., etc.



**A distribución do material divulgativo realizouse por “ventanilla” nas cinco (5) sedes federativas, así como nas diferentes actividades organizadas pola FGC (feiras, xornadas, etc.).**

